

# Que é o PILI?

Despois dos positivos resultados acadados pola experiencia piloto do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa PILI 2008, a nova edición do PILI 2009 tentará seguir promovendo a mellora da capacitación en lingua inglesa, dentro do marco do programa educativo municipal “Aulas Internacionais”.

O PILI 2009 constará de ata 125 prazas para realizar viaxes de inmersión lingüística a Inglaterra e/ou Irlanda e ten como obxectivo ofrecer aos alumnos e alumnas de 3º de ESO dos institutos públicos da nosa cidade a oportunidade de mergullarse na lingua e cultura británicas e aprender nas escolas locais en réxime de integración co alumnado nativo, como se fosen un máis da clase. Por este motivo, as viaxes, dunha duración de 3 semanas, teñen previsto comezar na primeira quincena de setembro, de xeito que poidan empezar o curso escolar nos centros británicos, e a estadía rematará como moi tarde na primeira semana de outubro.

As prazas incluirán o importe da matrícula no programa lectivo e o material necesario para completalo e acreditar a súa finalización, así como os custos de aloxamento en familias anfitrións en réxime de pensión completa. Asemade, incluirá os gastos derivados da organización de actividades extraescolares e de lecer e visitas didácticas a centros de interese do país de acollida —que se desenvolverán en inglés e guiadas por monitorado bilingüe—, así como o importe das viaxes de ida e volta, dos seguros de viaxe e responsabilidade, e do transporte urbano ata o centro de ensino de integración asignado.



programa educativo municipal

**va** vigo  
abroad

vixxa en inglés

**ai**

aulas internacionais

## PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA P.I.L.I. 2009

**Servizo de Educación  
Oficina P.I.L.I.  
Rúa Oporto, Baixo  
Tel.: 986 44 74 00 / 986 44 93 62  
Fax: 986 44 93 59  
E-mail: [pili@vigo.org](mailto:pili@vigo.org)  
Web: [www.pilivigo.org](http://www.pilivigo.org)**



máis inglés para tí

CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN



CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN



**1**

## Cales son os requisitos para solicitar a participación?

- a) Estar a cursar **3º de ESO** nun **instituto público de Vigo** durante o curso académico **2008/2009**.
- b) Ter aprobadas **todas as materias de 2º de ESO** no curso **2007/2008**.
- c) Ter, como mínimo, **unha cualificación final de 6 en Lingua inglesa** en **2º de ESO** no curso **2007/2008**.
- d) Ter **nacionalidade española ou autorización de residencia**.
- e) Estar **empadroado/a en Vigo**.
- f) Non ter sido beneficiario do **PILI 2008**.
- g) Ter **DNI, pasaporte ou autorización de residencia en vigor**.

**2**

## Como podes solicitar a praza?

O prazo para a presentación das solicitudes é do **21 de abril ao 12 de maio**, ambos inclusive. Dentro deste prazo, os interesados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei nº1, 36202 Vigo) a seguinte documentación:

a) **Anexos** da convocatoria (descargables no sitio web [www.pilivigo.org](http://www.pilivigo.org)) asinados polo alumno/a beneficiario/a e/ou o solicitante (pai, nai, ou titor/a legal), segundo corresponda:

- Anexo I - Solicitud de participación
- Anexo II - Autorización do pai, nai, ou titor/a legal

b) **Fotocopia compulsada do DNI do alumno/a, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor)**

c) **Fotocopia compulsada do DNI, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai, nai ou titor/a legal.**

d) **Fotocopia compulsada do libro de familia ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, do título de familia numerosa.**

e) **Certificación académica orixinal emitida polo centro escolar na que conste a nota final en inglés e ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO no curso 2007/2008.**

f) **Certificación académica orixinal emitida polo centro escolar de estar matriculado en 3º de ESO nun instituto público no curso académico 2008/2009.**

g) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredite.

h) **Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal**, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.

**3**

## Aceptación da praza

As listas de prazas adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas na web do programa PILI. Os alumnos aos que se lles adxudiquen as prazas deberán presentar, no prazo de 5 días hábiles, o **Anexo III**, de aceptación ou renuncia da praza concedida.

**4**

## Onde tes que dirixirte?

Para recoller os impresos de solicitude e para formular calquera consulta, podes poñerte en contacto co Servizo de Educación do Concello.

**Enderezo:** Oficina PILI.  
Rúa Oporto, nº1, baixo.  
36201.Vigo  
[pili@vigo.org](mailto:pili@vigo.org)  
**E-mail:** 986 44 74 00 / 986 44 93 62  
**Teléfonos:** 986 44 93 79  
**Fax:**

A documentación requirida para tramitar a solicitud deberás presentala dentro do prazo establecido no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei nº1, 36202 Vigo).

En todo caso, cómpre remitirse ao contido específico recollido nas **Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de Inmersión en Lingua Inglesa PILI 2009** aprobado polo Concello de Vigo.